

Día Internacional dos Museos 2011.

Programa de actividades

O MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA, para celebrar o Día Internacional dos Museos que este ano conmemora o ICOM (Consello Internacional dos Museos) co lema “Museos e Memoria”, organiza as seguintes actividades:

O mércores 18 de maio, apertura, ás 19 h., da Exposición “Os Castros lucenses. Investigación e posta en valor”, realizada coa colaboración do Departamento territorial de Cultura e Turismo de Lugo. A exposición consta de varios paneis onde se expón a información e documentación gráfica dunha ducia de castros lucenses, incluíndo a mostra pública por primeira vez dunhas lousas gravadas aparecidas no Castro de Formigueiros (Samos). Como actividades complementarias á exposición, no outono realizarase un ciclo de conferencias e unha mesa redonda sobre os temas tratados naquela.